



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 21
29 de novembro de 2016

Fascículo 1





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

A Plataforma ecoloxista “contraMINAcción” ten denunciado a existencia dunha balsa de lodos tóxicos nas instalacións da mina de san Finx en Lousame. Dita balsa ocupa, segundo as súas estimacións, 5 hectáreas e está contida por un dique de formigón de antiga fabricación, que se encontra en pésimo estado de conservación.

Segundo denuncian a precaria situación desa balsa podería representar un grave perigo ambiental, dado que unha rotura do precario dique de contención, ocasionaría un importante verquido tóxico á ría de Muros e Noia, que ademais afectaría á súa principal actividade produtiva, causando enormes perdas á actividade pesqueira e marisqueira.

Esta denuncia require da oportuna inspección, coas comprobacións e actuacións cautelares que sexan precisas por parte da Xunta de Galiza, dado que o artigo 46 da vixente lei de ordenación da minaría atribúe á consellaría competente en materia de minas comprobar o cumprimento da normativa mineira, e tamén da cooperación do concello para adoptar as medidas que aseguren as axeitadas condicións de seguridade ambiental da actividade mineira no concello.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- Efectuar a inspección das instalacións da mina de San Finx en Lousame, en particular da balsa de lodos tóxicos que hai nas súas inmediacións.
- Adoptar as medidas cautelares que sexan precisas para asegurar a axeitada conservación do dique de contención da balsa de lodos.
- Unha vez acordadas as medidas máis urxentes, iniciar o correspondente expediente a fin de realizar todas as comprobacións que sexan precisas para verificar o correcto cumprimento de todas as medidas ambientais de dita mina, e no seu caso, adoptar as medidas sancionadoras e correctoras que sexan oportunas.”

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2016

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/11/2016 13:08:38

Ana Pontón Mondelo na data 22/11/2016 13:08:45

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2016 13:08:51

María Montserrat Prado Cores na data 22/11/2016 13:09:00

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2016 13:09:03

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2016 13:09:09